

XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTESEIS DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u> JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a NATALIA HERMIDA RICO D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D^a PABLO VILLAMAR DIAZ</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinteseis de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN EXPEDIENTE DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

OTORGAR a D. JOSE MANUEL VIDAL FERNANDEZ, licencia de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar, situada na R/ María Casares nº 18- O Colmeote- S. Xosé Obreiro, con suxeción as seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo, as condicións especificadas na licencia de obras otorgada por Resolución do Concelleiro-Delegado de Urbanismo con data 13/Octubro/2015.
- b) Ademáis, os proxectos, anexos, planos visados en datas 11/Novembro/2015 e 27/Abril/2016, certificado final de obra asinado e visado polo colexio oficial correspondente con data 27/Abril/2016, e demais documentación presentada ós efectos.

TAXAS: 36,82 EUROS

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE INFORMACIÓN XUVENIL .-

Vista a proposta formulada que di así: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal

con data 25-05-2016 emitíu o informe- proposta (documento aupac SSO10I0UB) , que textualmente dí:

“INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

Asunto: Proposta de aprobación de solicitude de subvención á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado,(Conselleria de Política Social), para a Promoción da Información Xuvenil e Actividades Dirixidas a Xuventude no ano 2016

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscrebe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES:

No Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 3 de maio de 2016, mediante a orde do 21-4-2016, publícanse as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia, para a promoción da Información Xuvenil e para a realización de actividades dirixidas a xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016. Ao abeiro da referenciada convocatoria o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora o proxecto “MOCIPARTI” 2016.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- *Lei 7/1985 , de 2de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da sdisposicións leaiais vixentes en materia de réxime local 8(TRRL)*
- *Lei 38/2003, do 17 de noviembre, xeral de subvencións (LXS)*
- *RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Orde de 21-4-2016 da Conselleria de Política Social das bases da Convocatoria*
- *Bases de execución do orzamento do exercicio 2016*

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Mocidade e Lecer para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción das seguintes propostas:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención subvención á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado,(Conselleria de Política Social),para a Promoción da Información Xuvenil e Actividades Dirixidas a Xuventude no ano 2016, ao abeiro da convocatoria publicada no DOG de data 3 de maio de 2016, mediante a orde do 21-4-2016 de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia, para a promoción da Información Xuvenil e para a realización de actividades dirixidas a xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.

Importe total do proxecto	22.604,07 €	
Achega do Concello –Aplicación orzamentaria 24/23100		10.000,00€
Achega do Concello –Aplicación orzamentaria 15/33401/22799-operación contable D=27/16		9.604,07€
Subvención solicitada á Conselleria de Pólítica Social		3.000.00 €

2º.- A Achega do concello financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 24.23100 e 15.33401/22799 do exercicio 2016.

3º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

4º.- Nomear a D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Política Social no refente a esta solicitude de subvención”

Logo de ver o informe con toma de razón por intervención de data 25 de maio de 2016, a Concelleira delegada en materia de Mocidade e Lecer, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUSTIFICACION DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CLUB DE REMO NARÓN POLO ANO 2015.-

Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 3 de maio de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

“De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, , a tal respecto fórmase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2015, aprobou entre outros, o Convenio co Club de Remo Narón, por un importe de 8.000,00 €. O dito convenio foi asinado o día 30 de xullo de 2015.

O club de Remo Narón, percibiu xa o total do importe no ano 2015.

O citado club, presentou a documentación xustificativa do Convenio, polo Rexistro Xeral do Concello en data 27 de febreiro de 2016, estando dentro do prazo establecido para tal fin no texto do Convenio (31-03-2016).

A aprobación da xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015. (Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Normativa de aplicación: Segundo o Informe Xurídico emitido coa data de 23 de xuño de 2015:*

C) INFORME-PROPOSTA

Unha vez revisada a documentación xustificativa do Convenio do ano 2015, presentada pola entidade Club de Remo Narón e visto os informes emitidos polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes acerca da devandita xustificación.

O importe aceptado para a xustificación, é de 8.094,43 €.

Visto que a documentación presentada polo Club, cumpre coa normativa aplicable e co estipulado no Texto do Convenio asinado en data 30 de xullo de 2015.

En base o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobación da xustificación do Convenio co Club de Remo Narón, polo ano 2015.*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Visto o Informe de Fiscalización da Intervención Xeral, de data 13 de maio de 2016, que como CONCLUSIÓN, e tendo en conta o anterior, fiscaliza de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 03-05-2016, deixando constancia da observación que consta no apartado 5º dese informe, que di así :

“ Verifícase por parte desta Intervención que a documentación xustificativa inicialmente presentada pola entidade beneficiaria consta presentada dentro do prazo establecido (NRE 3.266-27/02/2016). Constan no expediente dous requerimentos: un de data 16/03/2016 (recibido pola entidade o 21/03/2016) e outro do 05/04/2016 (recibido pola entidade o 06/04/2016), para a presentación de documentación. No expediente figura unha presentación de corrección de erros do 13/04/2016 (NRE 6.536).

Non obstante, esta Intervención non pode verificar que se atendesen os requirimentos nos prazos concedidos ao efecto, pois únicamente consta presentado por rexistro de entrada (NRE 6.536-13/04/2016) un escrito de corrección de erros xustificación convenio 2015 segundo o cal a documentación que se achega é conta xustificativa e facturas e dietas corrixidas, cando nos anteditos requirimentos se facía referencia a outra documentación”

Despois do exposto, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- DAR CONTA DE DÚAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN A VIESGO ENERGÍA, S.L. POR ELECTRICIDADE E SUMINISTRO DE GAS DO 1º TRIMESTRE DE 2016.- Dase conta das seguintes resolucións:

A/ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista la liquidación presentada por **VIESGO ENERGÍA, S.L.**, con **CIF.- B-39540760**, relativa a la **tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública por electricidad** correspondiente al **1º TR/2016**., con una base imponible de 64.333,20 €,., por aplicación del tipo impositivo del **1,5 %** le corresponde una tasa de **965 €**.

Esta Alcaldía-Presidencia, **RESUELVE:**

PRIMERO.- Aprobar la tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública por **electricidad** correspondiente al **1º TR/2016** a Viesgo Energía, S.L., por importe total de **965 €**.

SEGUNDO.- Dar cuenta de esta resolución de la alcaldía a la **Xunta de Goberno Local**, a los servicios económicos y al interesado a los efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por:

O alcalde-presidente

Asdo. José M.Blanco Suárez.

18/0520/16

Ante min, (dou fe da identidade do asinante)

Asinado dixitalmente por: O secretario xeral

Asdo.- Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.

18/05/2016

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

B/ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista la liquidación presentada por **VIESGO ENERGÍA, S.L.**, con **CIF.- B-39540760**, relativa a la **tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública** correspondientes al **1º TR/2016** por suministro de **gas**, con una base imponible de 1.137,07 €,., por aplicación del tipo impositivo del **1,5%** le corresponde una tasa de **17,06 €**.

Esta Alcaldía-Presidencia, **RESUELVE:**

PRIMERO.- Aprobar la liquidación de la tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública por suministro de **gas** correspondiente al **1º TR/2016**, por importe total de **17,06 €**.

SEGUNDO.- **Dar cuenta** de esta resolución de la alcaldía a la **Xunta de Gobierno Local**, a los servicios económicos y al interesado a los efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por:

Ante min, (dou fe da identidade do asinante)

O alcalde-presidente

Asinado dixitalmente por: O secretario xeral

Asdo. José M. Blanco Suárez.

Asdo.- Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.

18/0520/16

18/05/2016

A Xunta de Gobierno Local, deuse por enterada.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI